

A arte de Lourido: os trazos da súa inspiración e o ronsel de Castelao

CARLOS GEGÚNDEZ LÓPEZ¹

Sumario

Neste traballo expoñemos as conclusións dun breve estudo sobre a vida e a obra do artista galego Manuel Fernández Lourido e a súa relación con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao cando se cumpre o primeiro centenario seu do falecemento.

Abstract

In this paper we present the conclusions of a brief study on the life and work of the Galician artist Manuel Fernández Lourido and his relationship with Alfonso Daniel Rodríguez Castelao when the first centenary of his death is fulfilled.

1. INTRODUCCIÓN

Este artigo trata sobre a vida e a obra de Manuel Fernández Lourido –as súas creacións coñecidas están datadas na segunda década do século XX– e a súa relación con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao co que mesmo mantivo algúns contactos persoais, un deles en Vigo no ano 1911, pouco antes de emigrar a América. O artista vigués primeiro residiu en Río de Janeiro e despois en Buenos Aires, cidade na que faleceu a finais da segunda década do século pasado.

Neste momento Rodríguez Castelao, en plena xuventude, desenvolveu o seu primeiro ciclo creativo, no cal é xa un mestre na arte do debuxo e a caricatura, o rianxeiro influíu, con certeza, nas creacións artísticas de Fernández Lourido e seguramente tamén reforzou as súas conviccións sobre a arte. A presente análise circunscríbese unicamente a este momento no que o malogrado Lourido crea a súa obra en pouco máis de dez anos, posto que falece de xeito prematuro a causa dunha fatal enfermidade en 1920, porén Castelao seguiría amplificando o seu universo creativo durante tres décadas máis ata converterse en figura imprescindible e transcendente para a nosa cultura, as súas achegas no eido das artes e

¹ **Carlos Gegúndez López** naceu en Becerreá en 1976, investigador independente e Licenciado en Humanidades pola USC, Doutor en Humanidades con mención internacional pola UDC. Conta co Premio á Investigación da Deputación de Pontevedra. Ten publicado varios ensaios, entre eles, *Canitrot cen anos de esquecemento* (Alvarellos editora, 2013). Ademais participou en varios congresos internacionais e publicou artigos sobre os movementos culturais galegos de comezos do século XX e sobre os escritores Valle Inclán e Emilia Pardo Bazán. Actualmente traballa como docente en Educación Secundaria e Escola de Idiomas, anteriormente exerceu profesionalmente o xornalismo durante quince anos e segue a colaborar nos medios de comunicación.



Fig. 1. «A vendedora de ostras», mostra do interese que tivo sempre o artista polo realismo costumista. *Galicia*, núm. 465, Vigo, 27/1/1924, p.3.

das letras, na política e mesmo noutros campos do saber semellan xa insuperables, un legado de extraordinario valor que perdurará para sempre no acervo do patrimonio cultural galego.

2. ETAPA VIGUESA

Manuel Fernández Lourido naceu en Vigo a finais do século XIX, aínda que non resulta doado saber con exactitude esta data, mais si dun xeito aproximado, dado que nun dos obituarios publicados logo do seu pasamento –novembro de 1920– podemos ler: «La parca nos lo lleva joven, a los 32 años...»². Polo tanto, se este dato é certo, poderíamos situar o seu nacemento entre a segunda quincena de novembro de 1897 e finais deste mesmo mes do ano 1898. As fontes consultadas sitúan a Fernández Lourido no seo dunha familia humilde e consideran que xa dende moi novo comezou a amosar certas aptitudes para a arte, sendo especialmente hábil no deseño: «Fue alumno de la Escuela de Artes y Oficios, con muy buen expediente; en 1903, por ejemplo, gozaba de matrícula gratuita en Dibujo Ornamental, por haber conseguido

sobresaliente en la asignatura»³. Naquela altura, a súa cidade contaba cuns vinte mil habitantes e nela comezaba a agromar a industria conserveira, precisamente un dos primeiros oficios do debuxante estivo relacionado con este sector. No ano 1900 era fundada na cidade olívica La Metalúrgica, unha pequena empresa destinada á fabricación de latas de conserva e aquí traballou Lourido, «diseñando etiquetas para las litografías de las conservas de pescado»⁴. Non obstante, a súa actividade como debuxante non ficou na creación de estampas de folia de lata nin tampouco nos debuxos con finalidade publicitaria, alén do deseño industrial que lle proporcionaban ingresos económicos estaba tamén a súa vocación de artista, e xaora, a finais da primeira década do século pasado comezamos a coñecer a súa obra gráfica e a retratar escenas costumistas inspirándose na vida rural do país e mesmo nalgúns recantos da súa cidade (fig.1).

2.1. Vida Gallega

A revista fundada por Jaime Solá e editada en Vigo iniciaba a segunda e lonxeva etapa no ano 1909, a portada deste primeiro número xa aparece ilustrada por Castelao e nela

publicaría moitas das súas primeiras creacións artísticas nos meses que seguiron á aparición do primeiro número como é sabido, e xaora, ten sido estudado. Porén, esta publicación non daría a coñecer as creacións de Lourido ata dous anos máis tarde. No número correspondente ao mes de outubro, en 1911, ao carón do seu retrato (fig.2) aparecen cinco imaxes; unha amosa un intre dunha festa ou romaría, hai tres que recrean escenas rurais e outra na que o artista representa unha emotiva despedida cun vapor en segundo plano, unha escena habitual no Porto de Vigo, cando milleiros de galegos e galegas embarcaban cara a América en cada unha das viaxes programadas que partían do peirao vigués, un percorrido que el mesmo fixo uns días antes da publicación destas obras na prensa. Todas elas están apegadas ao folclore e ao costumismo, reflectindo xa a influencia de Rodríguez Castelao quen na súa primeira etapa artística imprimía esta estética nos seus deseños: «Sus primeras estampas –como aquél «Camión de festa» que ilustra la *Vida Gallega*, de 1909– y en general las ilustraciones de esta época, lo sitúan dentro del costumbrismo plácido de sus contemporáneos»⁵.

Antes de emigrar, Lourido acordou coa dirección da revista ser colaborador artístico e tamén o seu correspondente no Brasil, daquela os redactores da publicación xa valoraban moito o estilo do debuxante e o seu afán esteticista, de tal xeito que «hace el arte por el arte, sin propósitos reprobables», salientando o seu humorismo respectuoso e remarcando o carácter rexionalista da súa obra: «Sus escenas pastoriles tienen un ambiente de verdad inconfundible. Sus labriegos están arrancados del campo de nuestra tierra»⁶. A pesar do devandito acordo, nin a sinatura nin as creacións do debuxante apareceron con frecuencia na revista, localizamos apenas unha colaboración da súa autoría, case tres anos despois de deixar Galicia titulada «Os milagres da ciudad»⁷, daquela xa residía en Buenos Aires, nesta imaxe aparecen intercalados personaxes rurais e urbanos, estes últimos máis caricaturizados e representados cun certo desdén e pouca naturalidade.



Fig. 2. Manuel Fernández Lourido tiña pouco máis de vinte anos cando marchou a América e daquela aparece esta fotografía na prensa. *Vida Gallega*, núm. 33, Vigo, 1/10/1911, p. 32.

2.2. O miñado e máis a pomba

Este é o título dunha peza de teatro escrita por Avelino Rodríguez Elías, que vai acompañado do subtítulo «poema representable n-un canto estreado con moito aprauso no Teatro Rosalía de Castro, de Vigo o día 5 de setembro de 1909»⁸. É unha obra moi breve que ten como protagonistas a unha parella de mozos, Manuela e Bastián. A actriz Irene




Fig. 3. O cortexo entre os amantes, escena culminante da peza teatral escrita por Avelino Rodríguez Elías, representado por Lourido na portada da obra. *O miñado e máis a pomba*, 2ª edición, Vigo, Tipografía Faro de Vigo, 1913.

Vidales e o escritor e actor Alfredo Nan de Allariz foron os primeiros intérpretes desta peza costumista na que o personaxe masculino é un «excelente prototipo literario del gañán gallego dotado de diversas habilidades»⁹, inicia un xogo de sedución coa rapaza, quen nun primeiro momento parece non ter interese, mais ao final acaba aceptando a relación afectiva que lle propón o protagonista. A peza foi publicada por primeira vez na segunda quincena de xullo deste mesmo ano e a ilustración da portada correu a cargo de Manuel Fernández Lourido, unha das primeiras creacións artísticas da súa man que se coñecen. Despois desta primeira edición, un folleto de quince páxinas editado por *Faro de Vigo*, saíu á rúa a segunda no ano 1913, aínda que neste caso acompañada por outros dous títulos, «Os catro túneles» e «O embargo», porén o autor mantivo o mesmo motivo da portada que aparecía xa no ano 1909 (fig.3). Esta obra contou con grande aceptación entre o público vigués naquela altura, segundo o propio Rodríguez Elías «al menos la mitad del éxito de aquella publicación se debía al reclamo firmado por Manuel F. Lourido»¹⁰. Esta representativa e emblemática cuberta é a única coñecida do



Fig. 4. Lourido tamén caricaturizou ao seu amigo e colega Rafael Fuembuena co que organizara a mostra viguesa. *Suevia*, núm. 7, Buenos Aires, 24/5/1913, p. 7.

artista olívico, porén Castelao deseñou moitas máis, tal e como testemuña, por exemplo, unha exposición celebrada a comezos dos anos noventa do século pasado en homenaxe a Antonio Odriozola e titulada *Portadas. Los artistas gallegos y el libro. 1900-1936*. A mostra pasou pola Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid –xaneiro de 1990–, a Sala de Exposicións do Concello da Coruña –xullo de 1990– e foi tamén exhibida, tempo andando, no Centro Galego Xuventude de Galiza de Lisboa –novembro de 1991–. Consta de vinte e oito paneis, no primeiro deles, os organizadores da devandita exposición inseriron aquí a ilustrada por Lourido por consideraren que: «Su trabajo se corresponde con la mentalidad de los epígonos del ochocentismo. En este sentido es representativa la portada para el breve paso musical del escritor portuense Rodríguez Elías, afincado también en Vigo»¹¹. A inclusión do artista dentro deste grupo, supuxo que compartise o panel con artistas como Román Navarro, Parada Justel, Prudencio Canitrot e Fernando Buceta. En total na exposición, participaron corenta e catro artistas, xaora e como xa dixemos tamén Alfonso Rodríguez Castelao, un dos máis destacados e representativos artistas da mesma, de feito os organizadores escolmaron un total de vinte e nove portadas ilustradas polo rianxeiro para esta ocasión.



Fig. 5. Caricaturas de Vidales e La Rocha con motivo da exposición colectiva. Foron executadas por Fuembuena e apareceron no xornal que el mesmo fundara semanas atrás. *Patria Gallega*, núm. 4, Vigo, 1/9/1906, p.3.

2.3. A polémica Exposición de 1911

A primeira exhibición pública da obra de Manuel Fernández Lourido tivo lugar na súa cidade natal no mes de xaneiro de 1911, unha exposición conxunta na que tamén participou o xornalista vigués Rafael Fuembuena (fig.4), artista que daquela xa formaba parte da redacción de *Faro de Vigo*. A mostra estaba formada por unhas sesenta obras. Algunhas das máis destacadas amosadas por Lourido levaban como título *Merienda á escote*, *La vuelta del indiano*, *Cand'o carro canta* e *Un día e un día*. Destacan tamén dentro da devandita exposición as caricaturas de «personas muy conocidas en Vigo», de feito, todas elas foron para algúns «dignas de las mayores alabanzas, por la corrección de líneas dentro de la caricatura, y por su mucho parecido»¹². Esta mostra dos dous debuxantes vigueses foi moi celebrada por ter «roto el hielo de la apatía en este país galaico»¹³. Segundo as críticas e artigos publicados na prensa foi pioneira no que respecta á exhibición de caricaturas, ora ben, uns anos atrás, Maximiliano Vidales e Luis de La Rocha xa incluían algúns retratos a lapis noutra exposición conxunta organizada na cidade olívica. Rafael Fuembuena coñecía ben aquela mostra, de facto, estampou as caricaturas dos dous artistas na prensa local naquela altura (fig.5). Era o verán de 1906, e aquela curiosa iniciativa ben puido inspirar a que organizaron case cinco anos despois o propio Rafael e o seu amigo Manuel.

Sexa como for, a prensa olívica aplaudiu a determinación dos dous mozos vigueses ao abriren a súa exposición de 1911 e destacou o elevado número de visitantes que pasaron xa o mesmo día da inauguración polo local de La Oliva, sociedade cultural e recreativa viguesa presidida naquela altura por Manuel Gómez Román. Porén, un suceso imprevisible interrompeu a mostra, que só estivo aberta o día da inauguración, ao día seguinte, os propios artistas decidiron retirar as obras. O motivo, segundo se recolle nas páxinas de varios xornais da cidade, tivo que ver cunha discusión entre o presidente da sociedade e os creadores, que se amolaron con Gómez Román por ter decidido, sen eles seren

informados nin pedir a súa aprobación, organizar outros actos no mesmo salón da exposición. A pesar da interpelación de varios actores locais para resolveren este conflito, non se puido chegar a solucionar e todas as obras dos artistas foron trasladadas ás dependencias doutra sociedade viguesa, o Círculo Mercantil.

O acto programado polo presidente de La Oliva que amolou a Fuembuena e Lourido foi unha conferencia de arte que se ía celebrar no mesmo salón da mostra e na que tomaron parte tres mozos do Barbanza: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o seu veciño rianxeiro Eduardo Dieste «que sô lle levaba a Daniel catro anos e poucos meses, non tárdou ren en se facer seu mellor amigo. E tamén o que desde mais cedo exercéu influxo positivo no despertar do artista»¹⁴ e outro dos amigos de Alfonso, compañeiro de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, Ramón Fernández Mato (fig.6). Este evento celebrouse naquel mencionado salón de La Oliva, días despois da cancelación da devandita exposición –o

domingo vinte e nove de xaneiro–. Hai que ter en conta que nesta altura, primeiros anos do século XX, logo de regresar de Buenos Aires onde pasara cinco anos, Castelao comeza a debuxar «instantaneamente» nos cafés e tamén percorre moitos outros recunchos do país, amosando as súas excelentes cualidades técnicas, como lembraría tempo andando Ramón Otero Pedraio, o de Rianxo executa nesta fase vital: «caricaturas e retratos dos personaxes célebres daquela etapa, todos eles respetables, case todos eles»¹⁵.

Rafael Fuembuena e Manuel Fernández Lourido asistiron a esta sesión artística na que Dieste falou de arte e Castelao amosou precisamente o poder creativo da súa man ao vivo e o seu «ingenio chispeante, afilado, encantador»¹⁶. As súas reflexións sobre a arte caricaturesca foron acompañadas de xeito simultáneo por deseños de «ejecución maravillosa, por lo rápida y sorprendentemente exacta, de las caricaturas de conocidas personas: La Condesa de Pardo Bazán, el autor de las Sonatas de Estío, Sofía Casanova, Solá, Dieste, Mato...»¹⁷. Pola súa banda, Fernández Mato foi quen presentou o acto e mesmo recitou un par de poemas da súa autoría. Os artistas vigueses quixeron deixar claro que o mencionado «incidente» e o seu malestar era exclusivamente con Gómez Román co que non houbo reconciliación como xa dixemos. Non houbo entendemento co presidente de La Oliva, mais Lourido e Fuembuena ademais de estar presentes na conferencia dos tres intelectuais chegados do Barbanza, tamén compartiron un xantar con eles en completa harmonía, mesmo lles amosaron a súa mostra, aquela que eles mesmos decidiran levar uns días atrás ao Mercantil, a cordialidade e camaradería entre todos eles marcaron aquela xornada, tal e como evidencian as páxinas dos xornais locais de Vigo.



Fig. 6. Caricatura de Fernández Mato con quen Lourido estivera en Vigo só dous anos atrás, o boirense tamén foi caricaturizado en varias ocasións polo seu amigo Castelao.

Suevia, núm. 4, Buenos Aires,
12/4/1913, p. 9.

Este encontro entre Lourido e Castelao reforzou seguramente a influencia da arte do rianxeiro sobre o vigués, quen proseguiría nos anos seguintes como veremos a continuación co seu interese por representar estampas propias da vida cotiá, nos que a paisaxe, as actividades diarias e de costumes serán obxecto de estudo para o propio Fernández Lourido e outros artistas desta etapa, sen dúbida, elementos esenciais para crearen as súas obras.

3. ETAPA SURAMERICANA

A mediados de outubro do ano 1911, Manuel xa casara con Eva Montenegro Batista e nacera o seu primoxénito e homónimo. María Ernestina, a segunda filla do matrimonio naceu xa en Argentina. Daquela o debuxante vigués decide emigrar a América e buscar novos horizontes para desenvolver a súa carreira artística, unha nova que avanza algunhas publicacións galegas: «En el vapor *Araguaya* de la Mala Real inglesa, embarcó con destino al Brasil, el notable caricaturista vigués F. Lourido»¹⁸. O primeiro destino foi Río de Janeiro, curiosamente na capital brasileira moraba e traballaba o artista compostelán Modesto Brocos. A estadía de Manuel no país lusófono foi curta, apenas un ano, marchando ao pouco tempo para Buenos Aires. A comezos de 1913 xa está nesta cidade onde asentaría definitivamente e á que chegou pouco despois a súa familia: «Han llegado a Buenos Aires, sin novedad, la joven esposa y un niño del acreditado dibujante y caricaturista notable Sr. F. Lourido, paisano y amigo nuestro»¹⁹. Sabemos que nesta altura a residencia familiar estaba situada na Avenida Carabobo, 579, no Barrio de Flores. Lourido sempre foi definido polos que o coñeceron como un home de moita vontade e de grande bondade, un dos seus veciños galegos tamén emigrado co que mantivo contacto en Buenos Aires ten sinalado: «Trajo escueta la bolsa y un gran bagaje de modestia. Dos cosas que se recomiendan poco»²⁰. Outras voces teñen destacado a súa constancia e capacidade de traballo dende a súa chegada ata o seu falecemento, nove anos despois de terse instalado alí. Porén, os réditos do seu oficio como artista foron escasos: «En plena juventud marchó á América lleno de esperanzas. Allí se hizo querer mucho y si no ganó tanto dinero como cariño fué porque ahora no es el Nuevo Continente el Eldorado de los artistas»²¹.

3.1. A Exposición de pintura galega de Madrid (1912)

A pesar de estar xa no ano 1912, alén do Atlántico, Fernández Lourido participou na grande mostra de arte organizada polo Centro Galego de Madrid a finais da primavera deste mesmo ano, a primeira *Exposición de Pintura Regional Gallega*. O catálogo da mesma inclúe un total de 52 artistas e 322 obras, aínda que ao parecer foi «un número superior a las trescientas veintidós mencionadas en el catálogo»²². Na denominada sección de caricaturas, o devandito catálogo inclúe aos coruñeses Gonzalo Avello, Rafael Barros Merino e Cesáreo del Villar «Karikato», ao pontevedrés Fernando Buceta, ao ferrolán Félix Balbuena «Chilet», ao betanceiro Juan A. Navaza²³ e aos vigueses, Augusto Granada, Rafael Fuembuena e Francisco Lourido—este último nome está errado, como xa dixemos o do debuxante vigués era Manuel Fernández Lourido—. Completa a nómina de caricaturistas Alfonso Rodríguez Castelao, a grande referencia neste apartado da exposición, o catálogo oficial rexistra vinte e seis obras do rianxeiro, xaora, o que máis interese suscitou entre críticos e visitantes: «Castelao ha logrado conservar, alejándose de la Corte, todo el tesoro interior de socarronería. Sus obras tienen una gracia especial, no exenta de ira sorda en algunas, no limpia de dolor en otras»²⁴. No relativo a Lourido, aparecen unicamente

tres obras que como xa dixemos foron expostas dentro da sección «Caricaturas», aínda que eran tres acuarelas inscritas cos números 274, 275 e 276. Os títulos das mesmas son, respectivamente, *Pago del Foral*, *Sorpresas* (fig.7) e *El Chaladero* (fig.8). Estas creacións son un claro exemplo desta primeira etapa do artista vigués máis apegada ao costumismo na que mostra interese por representar escenas e paisaxes rurais. As dúas últimas acuarelas mencionadas con anterioridade foron adquiridas por un comprador privado e viaxaron nun primeiro momento á capital arxentina: «El caricaturista vigués Don Manuel Fernández Lourido ha vendido en la Exposición del Centro Gallego de Madrid dos cuadros titulados *Sorpresas* y *El Chaladero* en cien pesetas cada uno»²⁵. De feito, no ano 1959, a directiva do Centro Lucense de Buenos Aires encargoulle a Luís Seoane a adquisición de varias obras de artistas galegos en mans do coleccionista Fernando García, posto que consideraban os reitores da sociedade que aquel patrimonio artístico debía «volver a Galicia y no perderse en este país, o en cualquier otro, en el tráfico comercial de obras de arte»²⁶. Entre estas creacións artísticas atopábanse as dúas acuarelas vendidas por Lourido na exposición de Madrid e outras asinadas por Fierros, Germán Taibo, Román Navarro e Manuel Bujados. Logo de seren expostos na cidade porteña, a directiva da sociedade lucense de Buenos Aires decidiu que regresaran ao país, encargándolle a Ramón Otero Pedraio a súa entrega ao Museo Provincial de Lugo, o obxectivo desta doazón era enriquecer a colección do museo que custodiaba xa daquela bastantes obras senlleiras da arte de Galicia. Alén disto, os directivos do Centro Lucense de Buenos Aires valorizaban estas creacións por seren representativas «de la historia cultural gallega y son antecedente, aún con variedad de técnicas y estilos, del arte gallego actual»²⁷.

3.2. A revista *Suevia*

A creatividade de Manuel Fernández Lourido, o seu estilo e a temática das súas producións encaixaban á perfección en *Suevia*, unha publicación dirixida polo seu paisano pontevedrés Joaquín Pesqueira. A cifra de ilustracións do artista vigués nesta publicación achégase ás corenta²⁸ entre as dúas etapas e pode clasificarse en varios apartados: as caricaturas e retratos –identificamos dez da súa autoría, incluíndo un autorretrato–, case todas eles aparecen xa na primeira etapa, debuxos de temática costumista ou folclórica e humorística propias da vida rural do país –constitúen a maior parte entre as publicadas na revista–, outras cinco imaxes que teñen como motivo principal a emigración, e por último, as escenas urbanas, apenas dous deseños. Na primeira etapa e de xeito excepcional ilustra varios textos do escritor Joaquín Arias de Miranda, estas creacións están relacionadas co argumento dos mesmos. *Suevia* contou con dúas etapas, a primeira comezou en xaneiro de 1913, uns meses despois da chegada do debuxante vigués ao país austral e leva como subtítulo «revista gallega regionalista». Os seus promotores expoñían no propio xornal os propósitos fundamentais do mesmo, procurando facer do galeguismo «un dogma». Neste primeiro número no que aínda non colabora Manuel Fernández Lourido aparece a sinatura de Castelao ao pé dunha caricatura do escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez²⁹. Lourido comezou a colaborar a partir do segundo no que ademais é protagonista dun artigo asinado por José Ribas Montenegro, neste texto o xornalista vigués eloxia as virtudes do artista e destaca a temática costumista da súa obra, situándoa ao carón da de Rodríguez Castelao: «Aldeana es la poesía de Rosalía de Castro y los dibujos de Lourido y Castelao y todo lo que es manifestación psicológica del pueblo gallego»³⁰. Este texto vai acompañado por unha caricatura do propio Fernández Lourido (fig.9) trazada por un irmán



Fig. 7. *Sorpresas*. F. Lourido. 1912. Acuarela. 0,19 x 0,35 cm
Museo Provincial de Lugo



Fig. 8. *El Chaladero*. F. Lourido. 1912. Acuarela. 0,19 x 0,35 cm
Museo Provincial de Lugo



Fig. 9. Lourido retratado polo seu veciño de Bouzas, o debuxante Federico Ribas Montenegro, un dos últimos deseños que realizou antes do seu regreso a Europa. *Suevia*, núm. 2, Buenos Aires, 8/3/1913, p. 7.

de quen asina o artigo, Federico Ribas Montenegro «Ribitas», sendo este un dos últimos traballos que realizou o debuxante en Buenos Aires antes de embarcar cara a París³¹. Nesta primeira etapa que rematou o mesmo ano da súa fundación, *Suevia* editou un total de nove números, entre o segundo e o noveno, Manuel publicou máis de trinta creacións (cadro 1), nomeadamente debuxos e caricaturas, entre estas salientamos a de Javier Valcarce (fig.10), escritor mugardés que medrou en Pontevedra e que tamén foi retratado por Castelao polo menos en tres ocasións³². Eles dous, Javier e Alfonso eran amigos dende nenos segundo ten sinalado o investigador José Antonio Durán, a caricatura menos coñecida de Valcarce entre as executadas polo rianxeiro é seguramente a reproducida por un xornal toledano (fig.11).

En 1916 a revista reapareceu publicando media ducia de exemplares entre os meses de febreiro e marzo deste ano baixo a mesma dirección e co subtítulo de «revista gallega» e coa reiterada intención dos seus impulsores de desenvolver unha obra de «alto patriotismo» a prol de Galicia, sendo precisamente Castelao e Lourido dous dos principais ilustradores da mesma nesta segunda e última etapa. Aínda que a cantidade de obras asinadas polos debuxantes se viu reducida considerablemente con respecto ao ciclo de 1913, do vigués apareceron nove (cadro 2), dado que os editores optaron por dar prioridade ás fotografías sobre as creacións gráficas dos artistas³³.

3.3. O Centro Galego e a Asociación A Terra

O Centro Galego de Buenos Aires foi tamén un apoio para o artista na chegada ao país austral, non apenas como espazo de relación social e no que establecer contactos con outros paisanos emigrados, mais tamén como unha das institucións para as que traballou e que xaora lle proporcionou algúns ingresos, unha das tarefas que realizou para a institución foi o deseño de diferentes cartaces. Xa no ano 1913 estaba asociado a esta sociedade e recibiu o encargo de deseñar un para un festival con actuacións interpretativas e musicais, celebrado na metade do mes de agosto no vello Teatro Coliseo da capital arxentina que estaba situado no barrio do Retiro –aquel edificio sería demolido no ano 1938–. Os reitores desta sociedade recreativa manifestaron un tempo despois de teren celebrado o evento:

«Enviamos, aunque un poco tarde, la expresión sincera de nuestra gratitud al señor Lourido»³⁴. Non foi a única vez que o artista vigués realizou traballos para a devandita asociación. Coincidindo co 25 de xullo de 1915 –Día de Galicia–, o centro programou unha serie de actos e novamente o cartaz que anunciaba o programa de actuacións foi executado por Lourido e contou con moita aceptación: «Fué distribuído profusamente por todo Buenos Aires, fijándose en las esquinas y lugares visibles de todas las vías, y mereció elogios de los inteligentes por su bella factura evocadora de las costumbres galaicas»³⁵. Entrementes Castelao recibía unha medalla na Exposición de Bellas Artes de Madrid e ao ano seguinte, en Pontevedra, participaría na fundación das Irmandades da Fala. Nesta altura, ao outro lado do océano Lourido tomaría parte na creación dunha «asociación patriótica» denominada *Asociación Cultural A Terra* que agromou en Buenos Aires a mediados do ano 1917. Joaquín Carballo presidiu a primeira xunta directiva encargada de elaborar os estatutos deste novo colectivo e estaba acompañado polos pontevedreses Adolfo Canitrot e Joaquín Pesqueira, e polo vigués Manuel Fernández Lourido quen ademais deseñou o emblema da mesma. Segundo algúns observadores tratábase de «una preciosa alegoría»³⁶. A finalidade do colectivo *A Terra* era divulgar a cultura e a arte galega en América, os fundadores procuraron apoios tanto entre comunidade emigrada como no propio país a través dalgúns comunicados que foron aparecendo na prensa. Mentres ían solicitando colaboración protestaban porque as máis de oitenta sociedades galegas que existían en Buenos Aires non contaban coa arte nin cos artistas galegos para as actividades de lecer que organizaban co obxecto de recadar fondos para a creación e mantemento de escolas en Galicia: «En la mayor parte de los programas de tales fiestas que vemos reproducidos en los periódicos bonaerenses no aparece casi nunca la más leve manifestación de arte regional gallego»³⁷. Uns meses despois –febreiro de 1918– nacía a *Agrupación Regionalista Gallega A Terra* para substituír á anterior, nesa nova directiva xa non estaba Lourido. De feito, os dirixentes sinalaron que o novo colectivo asumiría «el programa íntegro que hasta la fecha representaba en Buenos Aires la Asociación Cultural Gallega A Terra», mais agora cun contido máis comprometido a nivel político, defendendo «la autonomía administrativa y política de la región gallega», ora ben, deixando claro «de manera categórica y rotunda, la absurda hipótesis de que el regionalismo indique



Fig. 10. O escritor Javier Valcarce García trazado por Lourido, un dos deseños con mellor remate executados polo debuxante. *Suevia*, núm. 4, Buenos Aires, 12/4/1913, p. 11.




Fig. 11. Caricatura de Javier Valcarce por Castelao ilustrando unha reseña de *Romancero prosaico*, a única colección de narracións breves publicada polo escritor. *La Justicia*, núm. 84, Toledo, 14/5/1910, p. 2.

separatismo encubierto». A respecto da lingua propia consideraban que era «un elemento eficaz para sostener en la debida tensión el amor hacia la región», e por esta razón, procurarían «cooperar a la altruista labor que desempeñan las IRMANDADES DA FALA, aconsejando y propagando entre sus afiliados el idioma gallego»³⁸. Ademais de tratar de cumprir con estes propósitos, a asociación rexionalista e o Centro Galego de Buenos Aires posibilitaron que Lourido comezase a impartir aulas de debuxo e pintura nas dependencias desta última sociedade na primavera de 1918, aínda que esta actividade foi cancelada ás poucas semanas de comezar, posiblemente por falta de alumnado (fig.12).

3.4. *Caras y Caretas e Plus Ultra*

No seu último ano de vida, Lourido comezou a colaborar na prestixiosa revista arxentina *Caras y Caretas*, curiosamente aquela publicación na que Castelao comezou a interesarse pola arte da caricatura, admirando as executadas por man de Cao Luaces, durante na súa primeira estancia no país austral (1895-1900).

Nesta etapa final as creacións artísticas do vigués teñen xa pouco que ver coa terra natal, obviamente a temática destas ilustracións é moi diferente das deseñadas con anterioridade para as publicacións galegas. Colaborando nesta revista conseguiu obter ingresos económicos, mais os seus trazos xa non representan escenas rurais nin romarías galegas, posto que a tarefa que asume nesta altura é a de ilustrar, por encargo, determinados textos. Entre decembro de 1919 e agosto de 1920 realizou varios debuxos para a revista, catalogamos nove colaboracións (cadro 3) e como xa dixemos calquera destas estampas ten moi pouco que ver coa súa etapa anterior marcada polos temas asociados á arte rexionalista. Esta nova liña artística pódese comprobar, por exemplo, no debuxo que acompaña a un

texto da escritora bonaerense Herminia Brumano «No seas melindre» (fig.13). Hai só unha excepción no relativo á temática das ilustracións aparecidas nesta publicación e que curiosamente apareceu dous meses despois do seu falecemento, mesmo é posible que a revista quixese homenaxear ao debuxante coa inclusión desta obra nas súas páxinas. Está




Fig. 12. Anuncio das aulas de pintura impartidas polo artista vigués na cidade porteña na segunda década do século XX. *Boletín Centro Gallego*, núm. 64, Buenos Aires, 1/4/1918, sp.



Fig. 13. «No seas melindre». Debuxo afastado da estética rexionalista e costumista da primeira etapa de Fernández Lourido. *Caras y caretas*, Buenos Aires, núm. 1126, 1/5/1920, p. 53.

realizada coa técnica de *gouache* e composta por dúas figuras, un home e unha muller en actitude orante na Praza do Obradoiro e coa Catedral de Santiago de Compostela ao fondo (fig.14). Foi publicada a finais de xaneiro de 1921, indo acompañada dunha lenda ao pé que convida á devoción polo Apóstolo Santiago e que conclúe do seguinte xeito: «Una vez más sentimos el deseo de ser así, como los simples, que admiran y creen sin restricciones, que no tienen alma de turista». Este fragmento extraído do breve texto que apareceu sen asinar, mesmo puido ter sido escrito polo propio debuxante. De feito, a mesma imaxe e co mesmo enunciado volvería ser reproducida con posterioridade pola prensa galega da diáspora. Apareceu polo menos noutras dúas publicacións bonaerenses, en *Acción Gallega*, subtitulada publicación oficial da Casa de Galicia de Buenos Aires, dentro dun monográfico sobre artistas galegos, número 16 –31 de decembro de 1921–. Un tempo despois ilustrou a portada do número 14 de *Céltiga* –25 de xullo de 1924– e uns días máis tarde volvería ser publicado, aínda que nesta ocasión dentro da revista *Alma Gallega* de Montevideo –número 2, agosto de 1924– acompañando un poema de José Luis Pimentel dedicado a Santiago de Compostela. Alén destas achegas, están tamén as publicacións na revista *Plus Ultra*, suplemento da anterior e na que tamén participou o vigués cuns cantos debuxos, rexistramos apenas catro (cadro 4). O estilo e a temática son semellantes aos das ilustracións publicadas en *Caras y Caretas* agás a caricatura ou retrato de Ramón del Valle Inclán que se pode asociar ao seu período rexionalista, neste caso ilustrando un artigo de José María Solaverría sobre o autor arousán (fig. 15). Curiosamente, como

sucedera coa ilustración da catedral de Compostela, tamén foi publicada logo do falecemento do artista, no número 58 –febreiro de 1921–. Ademais, esta imaxe formou parte da exposición *Valle Inclán Debuxado: caricaturas e retratos do escritor (1888-1936)* exhibida en varias cidades de Galicia en 2008, na que tamén se incluíron outras catro ilustracións de Castelao³⁹.

3.5. Falecemento

Logo de verán de 1920 Manuel Fernández Lourido caeu enfermo, aínda que descoñecemos a doenza sabemos que resultou fatal para unha persoa que aínda gozaba dos anos de xuventude, como lembraba tempo andando Luís Seoane nunha palestra que ofreceu no país máis extenso do cono sur: «Eiquí malográronse Francisco Lamas, ourensán, e o dibuxante Lourido morto moi cedo»⁴⁰. Segundo as informacións aparecidas na prensa da época e como xa dixemos no inicio deste artigo tiña pouco máis de trinta anos cando finou. Naquela altura, o artista vivía nunha situación económica moi delicada: «La pobreza de Lourido en este país fué una de las pobreza que hemos visto sobrellevar con más dignidad y con más orgullo»⁴¹. A pesar de traballar a reo colaborando con algunhas publicacións e mesmo con empresas porteñas, os seus ingresos eran exiguos: «Las principales casas comerciales de Buenos Aires, conservan en sus archivos de publicidad notables carteles de nuestro paisano. Con todo eso, Lourido apenas ganaba para vivir»⁴². Como sinalou un cronista cando escribiu un dos seus obituarios: «En el ambiente mercantil e infatuado de la gran metrópoli argentina, el éxito traducido en dinero, no es para los hombres que valen, sino para los que se hacen valer, que no es lo mismo»⁴³. Nesta precaria situación económica, Manuel tivo que afrontar unha enfermidade que resultou ser mortal contando unicamente coa axuda caritativa e a xenerosidade dalgúns amigos, asociacións e empresas. A Sociedade Española de Beneficencia –presidida daquela por Antonio Larraechea– tiña un hospital no sur de Buenos Aires e proporcionoulle algúns coidados. O vigués ingresou no centro hospitalario unhas semanas antes de falecer: «En Temperley se encuentra mucho más animado el enfermo y esmeradamente atendido»⁴⁴. Porén e a pesar desta nova tan alentadora, Manuel non puido recuperarse, as revistas *Caras y Caretas* e *Plus Ultra* asumiron os gastos do enterro no que tamén colaborou outra sociedade de emigrantes, a Casa de Galicia, na súa sede foron velados os restos mortais do artista e ademais esta mesma institución abriu unha subscrición de donativos para axudar á familia do finado, seguramente grazas ao diñeiro das doazóns, os seus fillos e a súa muller Eva Montenegro –falecida en 1927, xa en Vigo aos trinta e nove anos– puideron regresar á cidade olívica, un tempo despois de finar o debuxante, o dezanove de novembro do ano 1920.

4. CONCLUSIÓN

Na última etapa Fernández Lourido orientou, polo menos, parte da súa creación artística cara á demanda do mercado editorial porteño por causa das aperturas económicas que o obrigaban a adaptar o seu deseño as esixencias daquelas publicacións nas que colaborou, tomando así certa distancia coas súas conviccións rexionalistas que agromaran con forza na súa plástica unha década antes. Ora ben, a súa obra coñecida, malia ser escasa, permite situalo como un dos debuxantes e caricaturistas destacados dentro da arte galega rexionalista, seguindo principalmente a partir de 1911, o ronsel daquel mozo rianxeiro que xa exercía estas dúas técnicas con mestría cando o vigués marchou ao Brasil. No tocante á caricatura Castelao amosa xa neste momento interese por afondar na psicoloxía dos



Fig. 14. «Ante la basílica», un asunto que tamén abordara Castelao con anterioridade na mesma publicación, a carencia de fe cristiana de moitos peregrinos.
Caras y caretas, Buenos Aires, núm. 1165, 29/1/1921, p. 54.



Fig. 15. A única caricatura de Valle Inclán coñecida executada por Lourido, con anterioridade Castelao xa retratara en varias ocasións ao xenio arousán.
Plus Ultra, núm. 58, Buenos Aires, 2/1921, p. 21.



Fig. 16. Caricatura de Manuel Fernández Lourido realizada por Castelao, testemuño da súa relación de amizade. *Castelao: Caricaturas e autocaricaturas*, Sada, Edicións do Castro, 1986, p. 149.

personaxes retratados e pór o foco nos trazos máis expresivos, ou sexa, analizar ben a súa aparencia e personalidade antes de retratalos, lembremos as súas reflexións sobre esta técnica artística: «El buen caricaturista, que ha de ser forzosamente buen psicólogo, tiene que presentarnos a los hombres tal como son, con sus disfraces»⁴⁵.

Esta premisa foi fundamental para o debuxante pontevedrés, mais o seu falecemento prematuro a causa da enfermidade interrompíu definitivamente a traxectoria artística e polo tanto, non podemos saber como tería evolucionado a súa arte. Pouco despois do seu pasamento un cronista escribiu: «Lourido, el inspirado dibujante, que tanto hubiera podido contribuir al mayor florecimiento del arte regional, y cuya vida ha sido tan breve como pobre de satisfacciones, duerme el sueño eterno en la necrópolis del Oeste de esta capital»⁴⁶. Podería ser este un atinado epitafio para resumir o breve paso pola vida do malogrado artista. Dúas décadas máis tarde da súa desaparición chegaba á capital arxentina Castela fuxindo da Ditadura de Franco e nesta mesma cidade falecería en xaneiro de 1950. Foi soterrado no cemiterio de La Chacarita, onde xacía o seu amigo Lourido ao que coñecera e caricaturizara anos atrás (fig.16), cando os dous degrañaban soños de xuventude⁴⁷. Os restos mortais de Alfonso Daniel volverían á nosa terra para ocuparen, con xustiza, un lugar de honra entre os galegos ilustres, os de Manuel ficaron por sempre, alén do océano.

Cadro 1. Ilustracións de Lourido na primeira etapa de Suevia (1913).

Nº.	Data	Textos ilustrados	Breve descrición das ilustracións
2	8/3	Prudencio Canitrot	Caricatura do escritor pontevedrés.
		"Na casa do retratista ¡Quietos!!!"	Tres exemplos do realismo costumista de Lourido. Na primeira imaxe, un fotógrafo coloca a un grupo de xente para un retrato. Na segunda, uns turistas fotografían a un labrego e na terceira un home guía un carro tirado por unha parella de bois.
		"Os turistas"	
		"Tipos de Galicia. O carreteiro"	
3	29/3	"O adios do emigrante"	Imaxes asociadas á parte máis dramática da emigración, a dor que produce a disgregación da unidade familiar.
		"Carta d'América ¡Bagoas!"	
		Josep Lleonart i Nart	Caricaturas do activista cultural catalán ilustrando un texto da súa autoría e outra do poeta de Pontecesures, respectivamente.
		Alejandro Miguéns	
4	12/4	Parrado	
		"Lonxe d'a terraña, lonxe d'o meu lar"	Unha imaxe asociada aos sentimentos de saudade e morriña ao emigrar e deixar a terra.
		"Ó son da gaita"	Estampa costumista dunha romaría.
		Francisco Camba	Tres caricaturas de escritores galegos, todos eles referentes literarios para os defensores do rexionalismo galego.
5	26/4	Ramón Fernández Mato	
		Javier Valcarlos García	
		"Romance"	Un cego interpreta un cantar na taberna.
		"La visita del diputado"	Tres imaxes relacionadas co contido dun texto asinado polo escritor Joaquín Arias de Miranda.
6	10/5	Ricardo Barros Pintos	Caricatura do poeta e xornalista pontevedrés.
		"Peteiro, poeta"	Dúas imaxes ilustran outro texto de Arias de Miranda.
		"A presidencia do duelo"	Estampas costumistas. Un cortexo fúnebre e un xantar compartido entre animais e persoas, respectivamente
		"O xantar"	
7	24/5	"O Señor Peteiro, poeta de aldea"	Dous debuxos que semellan ter intencionalidade humorística. No primeiro caso, o debuxante representa a un poeta recitando, mentres a xente fai burla ás súas costas. No segundo caso, unha muller fala cun home en presenza dun neno, o enunciado que acompaña esta ilustración fai pensar que esa persoa se vai facer cargo do rapaz.
		"Ello mellor galo do poleiro; e adepréndamoben, que vai pr'oitto anos e inda non gana o pan que come"	
		Rafael Fuembuena	Caricatura do debuxante e xornalista vigués.
		"Aventura donjuanesca"	Dous debuxos relacionados co texto de Joaquín Arias de Miranda, o último dos tres que ilustra deste autor.
8	14/6	"Romería lonxe"	Debuxos costumistas. Unha muller de costas e un carro con xente, no primeiro. No segundo, un grupo de homes beben viño e xogan ás cartas na taberna.
		"Matand'o domingo"	
		Fortunato Cruces	Caricatura do xornalista e escritor de Lestrove.
		"Camiño d'a América"	Un grupo de xente embarcada escoita o son dun músico co acordeón.
9	28/6	Juan A. Alsina	Caricaturas do escritor arxentino e do presidente do Centro Galego de Buenos Aires, o porriñés Alonso.
		Laureano Alonso Pérez	
		"Na Cibdá"	Un grupo de comensais na mesa dun restaurante son atendidos por un camareiro.

Cadro 2. Ilustracións de Lourido na segunda etapa de *Suevia* (1916).

Nº	Data	Textos ilustrados	Breve descripción das ilustracións
1	1/1	"O mal ruin"	Debuxo costumista. Unha muller consola a un neno e semella pedirlle axuda a un home de máis <i>status</i> .
2	15/1	"Aturuxo"	Escena costumista na portada cunha persoa aturuxando entre un grupo de xente nunha romaría.
		"Descubrimento d'América"	Escena urbana. Un home pasea nun carro tirado por cabalos por unha cidade cun edificio elevado ao fondo.
3	5/2	Prudencio Canitrot	Esta foi a primeira caricatura que publicou Lourido na revista en 1913, agora volve aparecer.
		"O crego e os nenos"	Escena costumista. Nun adro, un crego fala cun dos rapaces que están a xogar e este fai burla do relixioso.
4	19/2	"O pé da fonte"	Ilustración costumista na portada. Mulleres nunha fonte, resalta unha en primeiro plano cunha sella ao pé.
		"Autorretrato"	Acompañado por un poema de Castro Seijo. Imaxe distinta do artista con respecto ás anteriores. Nesta ocasión sen bigote e sen o seu característico chapeu.
		"Pol-os que se van"	Escena relacionada coa emigración. Unha muller e un neno ollan con tristura un barco que se vai arredando.
6	18/3	"El que ofrece"	Debuxo costumista. Un político semella solicitar o voto a un grupo de xente nunha xuntanza.

Cadro 3. Colaboracións de Lourido en *Caras y Caretas*.

Nº.	Data	Textos ilustrados	Breve descripción das ilustracións
1107	20/12/1919	"Elena" -Conto de José Martínez López-	Aparece o rostro dunha muller retratado de perfil.
1111	17/1/1920	"La de Caña" -Poemas de Luis L. Franco-	Unha muller vestida de branco cun pano e unha hedra ao redor.
1113	31/1/1920	"Flor de las Flores" -Poema de Enrique Banchs-	Unha figura masculina ataviada con roupas de luxo.
1115	14/2/1920	"Paseo del Marqués" -Poema de Ataliva Herrera-	O marqués, de costas, saúda á marquesa cunha reverencia.
1120	20/3/1920	"Vana Espera" -Conto de Pablo Duero-	Dúas mulleres, unha consola á outra que semella desolada.
1125	24/4/1920	"En la playa" -Poema de Agripina Méndez-	Unha muller con sombreiro e parte do seu rostro agochado.
1126	1/5/1920	"No seas melindre" -Conto de Herminia Brumano-	Un busto feminino moi enfeitizado relacionado co texto ilustrado.
1141	14/8/1920	"La soledad de los viejos" -Conto de José Ramón Lence-	Dúas facianas, a dun home e a dunha muller, e unha parella de costas.
1165	29/1/1921	"Ante la basilica" (póstumo) -Texto breve sen asinar-	A Catedral de Santiago e dous devotos diante dela.

Cadro 4. Colaboracións de Lourido en *Plus Ultra*.

Nº.	Data	Textos ilustrados	Breve descrición das ilustracións
43	11/1919	"Canciones infantiles" -Artigo de Alberto Gerchunoff-	Catro debuxos infantís de personaxes citados no texto.
50	6/1920	"Tres edades" -Tres textos breves sen sinatura-	Representa tres mulleres de diferentes idades.
58	2/1921	"D. Ramón del Valle Inclán" - Artigo de José María Solaverri-	Retrato caricaturizado do escritor galego cun libro na man dereita.
62	6/1921	"Por tierras de Castilla" -Texto breve sen asinar	Un home en primeiro plano cun pobo e unha igrexa ao fondo.

NOTAS

² Rodríguez, Joaquín R.: «Murió el artista», *El Correo de Galicia*, núm. 762, Buenos Aires, 21/11/1920, p. 2.

³ González Martín, Gerardo: *Pasión por Vigo: vida y obra del cronista Rodríguez Elías*, Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2005, p. 302.

⁴ González Martín, Gerardo: «Fernández Lourido, el dibujante que triunfó en Argentina», *La Voz de Galicia*, núm. 36578, edición de Vigo, 2/10/1994, p. 44.

⁵ Sobrino Manzanares, María Luisa: «La edad contemporánea», en *Historia del Arte Gallego*, Madrid: Alhambra, 1982, p. 464.

⁶ «Los que se van. El caricaturista Lourido» [noticia], *Vida Gallega*, núm. 33, Vigo, 1/10/1911, p. 15.

⁷ Fernández Lourido, Manuel: «Os milagres da cidade» [debuxo], *Vida Gallega*, Vigo, núm. 51, 31/1/1914, p. 14.

⁸ Rodríguez Elías, Avelino: *O Miñado e máis a pomba*, 2ª edición, Vigo: Tipografía Faro de Vigo, 1913.

⁹ González Martín, Gerardo: *Pasión por Vigo cit.*, p. 205.

¹⁰ González Martín, Gerardo: «Fernández Lourido, el dibujante que triunfó en Argentina», *La Voz de Galicia cit.*

¹¹ Filgueira Valverde, José F.: «Manuel Fernández Lourido», en *Portadas: Los artistas gallegos y el libro. 1900-1936* [exposición en el Centro Xuventude de Galiza de Lisboa, noviembre 1991], A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990, p. 6.

¹² Fernández Leis, Eugenio: «Rápida Caricaturesca. Fuembuena Lourido», *El Progreso*, núm. 215, Pontevedra, 29/1/1911, p. 2.

¹³ *Ibidem*.

¹⁴ Paz Andrade, Alfonso: *Castelao na luz e na sombra*, Sada: Edicións do Castro, 1982, p. 34.

¹⁵ Esta afirmación do intelectual galeguista ourensán sobre o artista rianxeiro foi recuperada da ligazón <https://www.youtube.com/watch?v=fGAVm7udbVY>.

¹⁶ «Conferencias de arte» [noticia], *Noticiero de Vigo*, núm. 10837, Vigo, 30/1/1911, p. 2.

¹⁷ «Las Conferencias de La Oliva» [noticia], *Noticiero de Vigo*, núm. 10838, Vigo, 31/1/1911, p. 1.

¹⁸ «Noticias de Galicia. Vigo» [noticia], *El Norte de Galicia*, núm. 3269, Lugo, 17/10/1911, p. 2.

¹⁹ «Cousas de acá. De Vigo» [noticia], *Nova Galicia*, núm. 450, Buenos Aires, 21/11/1914, p. 2.

²⁰ Ribas Montenegro, José: «Un gran artista gallego. Fernando Lourido (sic)», *Suevia*, núm. 2, Buenos Aires, 8/3/1913, p. 7.

²¹ «Los que mueren» [noticia], *Vida Gallega*, núm. 161, Vigo, 30/12/1920, p. 24.

²² Mosquera Rodríguez, Andrés: *Felipe Bello Piñeiro, 1986-1952*, Sada: Edicións do Castro, 1989, p. 35.

²³ O catálogo da mostra inclúe dúas obras da súa autoría, *O cesteiro* e *Pagando o foro*.

²⁴ Bujados, Manuel: «Exposición de Arte del Centro Gallego», en *Arte Español. Revista de la Sociedad de Amigos del Arte*, núm. 2, maio, 1912, p. 78.

²⁵ «Apuntes noticieros» [noticia], *Diario de Pontevedra*, núm. 33, 13/6/1912, p. 2.

²⁶ «Los cuadros donados al Museo por el Centro Lucense de Buenos Aires» [noticia], *El Progreso*, núm. 16243, Lugo, 22/10/1959, p. 6.

²⁷ *Ibidem*.

²⁸ Catalogamos aqueles debuxos asinados por Lourido ou que contan con algunha identificación de autoría por parte dos editores da revista, podendo haber algún máis sen sinatura, aínda que semella moi pouco probable.

²⁹ Alén da caricatura de Fernández Flórez, a presenza de Castelao redúcese ao segundo número no que aparece outra da súa autoría, trátase do poeta e xornalista Alfredo Tella.

³⁰ Ribas Montenegro, José, *op. cit.*, p. 8.

³¹ No título do artigo volve estar errado o nome do debuxante vigués, que como xa dixemos é Manuel e non Fernando tal e como aparece neste texto, posteriormente cando sexa reproducido por *Vida Gallega*, o erro será corrixido. Por outro lado, Federico Ribas, autor da caricatura, deixou a cidade porteña o sete de febreiro de 1913 con rumbo á capital gala, tras o estoupido da Primeira Guerra Mundial regresou a España. Traballou no deseño industrial e ilustrou páxinas de publicacións como *La Esfera*, *Blanco y Negro*, *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*.

³² A primeira das catalogadas apareceu en 1909, nunha revista editada en Vilagarcía de Arousa, *Galicia Moza*. Neste debuxo, Javier Valcarce aparece en primeiro plano e porta entre as súas mans unha caveira, ao fondo xace tumbado Prudencio Canitrot. A última caricatura está incluída no primeiro e único número que viu a luz da publicación ourensá *Mi Tierra* (7/1911). Esta última é moi parecida á publicada pouco antes no xornal *La Justicia* (Toledo), entre elas apenas hai uns cantos trazos diferenciais no rostro, aínda que a principal diferenza está na parte representada do torso.

³³ Rodríguez Castelao asina oito debuxos nesta segunda etapa. No primeiro aparece a «Vera effigies de Valle Inclán» (caricatura) e un debuxo do Pórtico da Gloria contemplado por varias persoas cunha reflexión ao pé: «Hogaño no hay más que peregrinos de arte». Este debuxo e o que aparece no segundo número, que representa un velorio acompañado dunha lenda: «¡Qué bonito vas meu hirmanciño, c'ó traxe das romarías! amosan xa o humorismo e a retranca do rianxeiro que caracterizará grande parte da súa obra. No terceiro número aparece outra estampa que representa a un crego e a un arrendador titulado «Los foros y las oblatas». E no quinto número dous debuxos, un no que dialogan dous rapaces sobre as leis do universo: «O mayestro díxonos qu'ó sol está quedo, tí cree-lo. -Eu non, ¿e tí? - Tampouco» e outro no que dous homes conversan: «-¿E qué tal os rapaces? -Téñocho un tan listo que ten quince anos e xa non cre'en Dios». No terceiro e no sexto e derradeiro número da publicación aparecen, respectivamente, unha caricatura de Antonio Rey Soto e outra de Ramón Fernández Mato asinadas tamén polo rianxeiro.

³⁴ «Salvando una omisión» [noticia], *Boletín Oficial del Centro Gallego*, núm. 10, Buenos Aires, 1/10/1913, p. 12.

³⁵ «Preliminares» [noticia], *Boletín Oficial del Centro Gallego*, núm. 32, Buenos Aires, 1/8/1915, p. 2.

³⁶ «Una asociación cultural» [noticia], *Diario de Pontevedra*, núm. 9990, Pontevedra, 26/7/1917, p. 2.

³⁷ *Ibidem*.

³⁸ «A los gallegos» [folleto], Buenos Aires: Asociación Regionalista Gallega A Terra, febreiro, 1918.

³⁹ A de Lourido foi catalogada co número 57 e as de Castelao cos números 22, 32, 54 e 197. Pode consultarse toda a información da mostra en Serrano Alonso, Javier e Juan Bolufer, Amparo de: *Valle Inclán Debuxado: caricaturas e retratos do escritor (1888-1936)* [catálogo], Lugo-Santiago de Compostela: Concello de Lugo, Concellería de Cultura e Turismo-USC, Cátedra Valle-Inclán, 2008.

⁴⁰ Seoane, Luís: «Pintores galegos na Arxentina e temas galegos nos pintores arxentinos», en *Comunicacións mesturadas*, Vigo: Galaxia, 1973, p. 31.

⁴¹ Lence, José R., «Manuel F. Lourido», *El Correo de Galicia*, Buenos Aires, núm. 762, 21/11/1920, p. 1.

⁴² «Manuel Lourido», *Alma Gallega*, núm. 7, Montevideo, 30/11/1920, p. 16.

⁴³ *Ibidem*.

⁴⁴ «Manuel F. Lourido. Gratitud al Hospital Español» [noticia], *El Correo de Galicia*, núm. 749, Buenos Aires, 3/10/1920, p. 1.

⁴⁵ Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel, «I. Algo acerca de la caricatura», en *Castelao Obras*, Tomo 4, coord. Henrique Monteagudo, Vigo, Galaxia, 2000, p. 125.

⁴⁶ Rodri-Elías, J., «Manuel F. Lourido. Falleció el 19 de noviembre, en Buenos Aires», *Faro de Vigo*, núm. 16531, 29/1/1921, p. 4.

⁴⁷ Este debuxo foi un dos expostos na mostra *Castelao e os estudos galegos*, [30ª Exposición del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, CSIC] inaugurada en Santiago de Compostela na segunda quincena de xullo de 1975 e posteriormente recollido tamén en González Pérez, Clodio: *Castelao: caricaturas e autocaricaturas*, Sada: Edicións do Castro, 1986.